

## Futuro das pequenas explotacións: facer mellor o que sempre se fixo ben

# A foto que fala

Fukushima, sete anos despois. A radiación triplica o valor agardado e das 27000 persoas que podían ter regresado ás súas casas só o fixeron 950.



## O trasno A nosa caste, o noso clan

Daniel López Muñoz



*O discreto encanto da burguesía* era unha película de Buñuel; para comezar váleme o título, por máis que o seu argumento importe menos. O discreto encanto de compartir poder, a complicidade de saberse parte dos elixidos pola historia, a espontánea simpatía e apoio mutuo que dá o feito de reconecérmolos como a minoría que goza de privilexios “merecidos” que cómpre defender. Como a defensa en grupo dun clan neandertal a quen corresponde, por sorte ou por mil batallas previas, a mellor ten-

za do territorio. Territorio xeográfico, social ou económico. Colexios, barrios, clubs,... círculos políticos, relixión domesticada. Encapsulados, endogámicos, dominantes.

Ditaduras como a de Franco, opacas, sinistras, violentas, son espazos de oportunidade para a consolidación de castas e clans. Os fillos dos xeneais serán xeneais; os dos notarios están ben posicionados para seren xuíces ou avogados do Estado; os dos xuíces para seren rexistradores da propiedade, que é un chanzo para chegar a presidentes do goberno; e os dos grandes empresarios, para ministros, se non valen para nada mellor. Así se consolidaron as elites que herdou a democracia constitucional.

Para a casta iso é o máis natural. Algo tan natural como a defensa da “familia” da Camorra napolitana ou dos narcos da Fariña arousá. Unha mentalidade á conselleira para ver se ten algo para este fillo meu que é un langrán;

outra chamada a ese catedrático para ver como “podemos facer” para sacar un mestrado sen tanto requisito escudado que unha ten máis que facer; un continuo “hoxe por ti, mañá por ti”

O caso é ter alternativa. Ter un proxecto social e político diferente, unha acción de goberno sen rede clientelar. Ou reducida a excepcións anecdóticas, identificables e perseguidas. É posible?

O desafío é ver que se fai “cos nosos” cando se chega a gobernar un concello, unha deputación ou a Xunta. “Os nosos” son a proba de lume do cambio profundo, que xa o dicía un director xeral da parte nacionalista do goberno tripartito, “corpo a terra que veñen o nosos”. Cambiamos un clan por outro ou comezamos a vivir conforme á igualdade, mérito e unha acción positiva que compense as desigualdade de clase e orixe?

E isto é o máis difícil de entender para os proxectos alternativos. Por moito que cho pida o corpo, hai que termar del: co permiso de Lenin, non se trata de substituír unha tribo por outra, unha caste pola seguinte.

# Editorial

## Facer posible e habitual o que é lóxico e necesario

Unha solución virtuosa é aquela que rompe un círculo vicioso, aquela que converte dous ou tres problemas nun remedio compartido. Resulta que durante séculos, aquí en Galicia, os nosos alimentos foron os producidos pola nosa pequena agricultura, fundamentalmente por labregas que os achegaban ao resto do mundo nos mercados e feiras. Todo baseado nunha cultura da confianza.

Era antes do plástico, da agroindustria, dos pesticidas, dos hipermercados e dos transportes antiecolóxicos polo globo adiante. Era antes da urbanización masificadora e dun abandono da aldea que agora se revela como o maior desafío da nosa terra. Era antes da xente nova masivamente en paro, da falta de alternativas vitais e do desprezo do mellor e máis sostible recurso que temos: a capacidade das persoas que habitan unha terra de produciren alimentos agora e no futuro.

### Cómpre que as administracións tomen estes “pequenos proxectos” en serio

O encontro que se celebrou recentemente no pazo de Mariñán, promovido polo Concello de Brión e a Deputación da Coruña - as conclusións do cal traemos ás nosas páxinas centrais- trata precisamente diso: de facer que o que sempre se fixo ben, se poida seguir facendo: producir

alimentos, vendelos e obter así rendas que permitan habitar a aldea, sen perder o norte, sen querer que sexan as mesmas empresas con verniz de calidade as que se apropien dos saberes, dos sabores e dos recursos.

Analizáronse experiencias francesas, catalás, vascas, navarras e palentinas que deron azos para saber que ademais de necesario é posible compartir micromatadoiros móbiles ou fixos, que reúnen todos os requisitos legais para o sacrificio de animais e que, en clave de colaboración, pódense utilizar por varias comunidades.

Permitiríase así facer posible o que é lóxico: satisfacer unha demanda existente de saúde criada nas casas, e ademais proporcionar uns ingresos que fagan visible aquel título dun libro de Calín e E. Carral *O pequeno é grande*, e mesmo de emprender proxectos non hipotecados de vida no rural. Solución virtuosa feita por e para a xente.

Cómpre que as administracións tomen estes “pequenos proxectos” en serio. Dunha vez. Igual que está pasando xa noutras latitudes. Porque son as cousas pequenas feitas por xente pequena as que realmente nos poden facer reaccionar. Aínda que non teñan fotos de inauguración.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Un libro de filosofía para adolescentes. Esa podería ser unha definición de *Anagnórise*. Unha das obras de María Victoria Moreno a quen lle dedicamos o Día das Letras. Sen dúbida a escolla desta mestra de instituto en Pontevedra é moi merecida. Naceu en Cáceres e fixo da lingua galega o centro da súa gran produción literaria.

Chegou a min este libro cando buscaba literatura para a rapazada á que ía dar clase de galego hai xa vinte anos. Lino e enganchoume. Durante os quince anos que dei galego en terceiro de ESO foi unha das lecturas obrigatorias. Pareceume que contiña todo o que un libro para mozos e mozas na idade do pavo debe contar. Fala

de feminismo, de drogas, de amizade, de amor... sen moralizar pero dando as claves necesarias para saber como afrontar estes temas. Nicolau, un rapaz que foxe de todo fai autostop e ao que recolle Xulia. Ao longo da viaxe falan coma se fose un diálogo platónico e van atopando diferentes situacións coas que Nicolau responde as preguntas que xorden no seu ser adolescente.

Alédome moito desta escolla. Unha autora que centrou a súa produción literaria na infancia e a mocidade. Con ela faise un pequeno recoñecemento a todos aqueles que fan literatura infantil e xuvenil da boa. Ademais de xeito indirecto tamén recoñece a to-



dos os mestres e mestras que tratan de motivar a lectura da rapazada nos institutos e colexios.

1



3



2



4



## A peneira

1

A Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol-Ribadeo segue denunciando o progresivo dismantelamento do **FEVE**. No ano 2016 suprimíronse 500 servizos e no 2017 máis de 900. O transporte que debía vertebrar Ferrolterra, Ortegal e A Mariña estase vendo reducido a un tren pintoresco para turistas.

2

**SUSO DE TORO** volve escribir. Aledámonos de que un dos nosos grandes escritores actuais volva ao rego literario. Neste momento hai miles de alumnos de 2º de BAC que, por desgraza, estarán lendo o último libro en galego da súa vida. Suso de Toro é un dos autores que pode revertir esa situación. Parabéns, Galicia.

3

Case **200 ACTIVISTAS** ambientais perderon a súa vida no ano 2017 defendendo o planeta. América Latina mantense á cabeza desta lacra que chega ata Madascar, onde o aumento do prezo da vainilla está contribuindo á deforestación e a poñer en perigo a vida dos que o están denunciando.

4

O rei de **SUAZILANDIA**, Mswatti III, vén de anunciar a mudanza do nome do seu país medio século despois da súa independencia. Situado entre Sudáfrica e Mozambique, pasará a se chamar eSwatini. Última monarquía absoluta africana, o 75% da poboación vive da agricultura de subsistencia, cun dos IDH máis baixos do planeta e unha esperanza de vida duns 50 anos.


5



7



6



MAIO  
Día de **17**  
INTERNET  
[www.diadeinternet.org](http://www.diadeinternet.org)

8

I Premio María Victoria Moreno  
de Literatura Xuvenil



"As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos".

UNIVERSIDADE DE PONTEVEDRA CIRCO

Alfonso Blanco Torrado

5

Case **2000** persoas participaron o 22 de abril na manifestación convocada pola Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais, para denunciar as modificacións da Lei de Montes Veciñais. Denuncian que o goberno do PP quere privatizar e desclasificar os milleiros de hectáreas en man común, fomentando a eucaliptización e o seu uso para equipamentos urbanos e usos alleos ao forestal (centros comerciais, campos de golf, etc.).

6

O **17**, amais do Día das Letras, conmemórase o Día de Internet, baixo o lema "A sociedade dos datos" e unha semana despois entra en vigor o novo regulamento de protección de datos. A información sobre nós e os nosos hábitos converteuse nunha nova materia prima que as empresas explotan cada día.

7

O Concello de Paradela, a petición do Orfeón Lucense, acordou solicitar a concesión da medalla Castelao para **XESUS MATO**. A iniciativa leva xa preto de mil adhesións. Con ela quérese recoñecer a quen foi o impulsor do nacemento de Fuxan os Ventos e A Quenlla e creador de Auxilia-Lugo, entre outras moitas cousas. Mato é dos imprescindibles.

8

O acto central do **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** vaise celebrar en Pontevedra o próximo día 17. O Teatro Principal vai acoller unha sesión extraordinaria da Academia dentro dos actos de homenaxe a María Victoria Moreno. Na XIXª edición do Salón do libro infantil e xuvenil, que acaba de ter lugar, deuse a coñecer o premio literario que leva o nome da escritora.

# Economía Orzamentos en maio

Pedro Pedrouzo Devesa



Unha das medidas máis contundentes que se pode facer para evitar o crecemento dunha economía é atrasar a aprobación dos orzamentos. Os orzamentos públicos son un dos instrumentos máis potentes para activar a economía, por todos os efectos positivos que acumula o gasto público durante a súa execución.

Ao mesmo tempo, é un dos escaparates da forza política dun goberno. Precisamente por esa cara política, os aspectos económicos dos orzamentos convértense nun pulso político, e os aspectos políticos, nun pulso partidista. Onde debería reactivarse a economía, apóstase por reactivar a ideoloxía. E onde hai que discutir de ideoloxía, foméntase o prexuízo de partido. Nun momento no que os aspectos simbólicos están sublimados, non é de estrañar que

os orzamentos corran a mesma sorte ca o resto das áreas públicas das que deberían xurdir acordos que orientan a vida pública: non se decide, todo se enlentece.

Tanto o goberno central como moitos gobernos autonómicos e locais (sen ir máis lonxe, o concello de Lugo) perderon xa catro meses de execución orzamentaria pola incompetencia ou desinterese dos que deben aprobar o documento económico máis importante dun pleno: os orzamentos. De xaneiro a abril non se puido iniciar ningunha das actuacións previstas neles por non estaren aprobados a tempo.

Moitas actuacións que implican gasto público irán, como mínimo, con atraso, cando non sexan directamente inviables durante 2018. Ironicamente, unha gran parte do contido dos orzamentos non entende de ideoloxía. Entende de infraestruturas necesarias, de novos programas educativos e sanitarios, de subvencións. E iso é a vida de todos nós.

De aí que propoña que se instaure unha iniciativa parlamentaria para que os nosos representantes perciban nidiamente a importancia de que deben negociar e aprobar en prazos razoables. Os seus soldos cóbranse con cargo aos orzamentos. A lei prevé que, cando uns orzamentos non se aproban en prazo, haxa partidas que se creen automaticamente para facer fronte a gastos irrenunciáveis, por exemplo, os salarios dos empregados públicos ou os contratos que se arrastran do ano anterior. Se os nosos representantes só puidesen cobrar o seu salario con cargo aos novos orzamentos aprobados, coñecerían de primeira man os efectos que, sobre moitas economías familiares, ten un atraso de catro meses na aprobación. Queredes salarios? Aprobade os orzamentos que os habilitan. Si. É unha enorme arroutada de imposible ou difícil execución. Pero é que, ás veces, a realidade provoca certa conxestión!



# O peto común Producir alimentos, algo revolucionario

Manuel Regal Ledo

Escoiteillo hai uns días a Andrés, un enxeñeiro técnico agrícola, que nos estivo dando uns cursos de poda e enxerto e máis de horta familiar ecolóxica: "Hoxe en día unha das práctica máis revolucionarias que existe é producir alimentos". Loxicamente trátase de producir alimentos fóra da rede das grandes corporacións da alimentación, fóra do sistema, e polo tanto ofertándose no posible como alternativa ao sistema, aínda que sexa en pequenísima proporción.

Quen posúe a alimentación, quen posúe a auga, domina a humanidade. E estamos metidas nun proceso de control da nosa alimentación por unhas cantas grandes empresas da alimentación. Temos case perdida a nosa "soberanía alimentaria", esa capacidade que debería ter cada país para producir os produtos básicos que garantan a existencia da poboación. Ceder niso é facernos dependentes, xustamente naquelas necesidades máis elementais para as que todo o mundo é sensible. Quen controle a alimentación ten as mans libres para condicionar a actividade dos gobernos, chegado o caso.

Por iso é tan perigoso que convertamos Galicia nun eucaliptal, renunciando á produción de alimentos en terras habilitadas para iso durante centos de anos. Cómpre lembrar que conseguir un milímetro de terra produtiva leva uns 15 anos de traballo na terra. Canto traballo de xeracións e xeracións de xente labrega hai amoreado nas nosas terras, para telas convertido en terras ricas e produtivas e telas conservado como tales! Por iso é tan importante desde o campo e desde a cidade, ofrecendo



e demandando, potenciar formulas produtivas entre nós, no País. Por iso é tan importante coñecer e favorecer experiencias nesta liña, como poderemos facelo os días 26 e 27 de maio en Tronceda, Castro Caldelas, Ourense, participando no encontro anual que vén organizando o colectivo "Vivimosnorural". No seu momento, nesta mesma revista informárase de todo o necesario para pasarmos unha ou dúas estupendas xornadas, gozando dunha paisaxe excepcional e coñecendo e aplaudindo –seguro– experiencias rurais que reaniman o conxunto da poboación, rurais ou non. Alí nos veremos, logo.

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# A viradeira CONCLUSIÓNS DA XORNADA

“Espazos de traballo colaborativo para o sacrificio das aves e coellos: Unha contribución á sustentabilidade das pequenas explotacións agrogandeiras”<sup>1</sup>

## Unha xornada oportuna e necesaria

Celebrouse o día 12 de abril no Pazo de Mariñán, en xornada de mañá e tarde. Asistiron unhas sesenta persoas entre produtores e produtoras; persoas e entidades consumidoras, públicas e privadas; persoal técnico de diferentes Administracións e xente a título individual - profesional.

Propúxose por parte da Deputación de A Coruña e do Concello de Brión, entidades promotoras da xornada, facer unha reflexión acerca das limitacións que as pequenas explotacións de produción artesanal de aves e coellos atopan para, de xeito individual:

- asumir o sacrificio e faenado das carnes en condicións legais
- asumir a comercialización dos produtos cárnicos
- asumir os custos derivados da aplicación dunha lexislación cada vez máis esixente
- aproveitar as oportunidades da demanda no mercado das producións caseñas e artesanais como exemplo de economía circular.

## As razóns e a oportunidade do tema

Ao longo da mañan tiveron lugar diferentes exposicións

- onde se presentou por parte do concello de Brión e da Deputación de A Coruña o interese por promover e financiar espazos colaborativos no medio rural, a aposta polo emprego baseado nas oportunidades das pequenas explotacións para xenerar economía circular e ofertar á sociedade produtos e servizos de calidade.



- onde se contextualizou a situación actual da produción e comercialización de aves e coellos das explotacións artesanais galegas
- onde se coñeceron outras experiencias de espazos alternativos para sacrificio animal a pequena escala de
  - » Nafarroa e Euskadi
  - » Palencia
  - » Catalunya
  - » Francia

- nomear a aquelas persoas ou entidades non puderon estar presentes
- mapear as comarcas da provincia da Coruña ou doutras provincias nas que hai persoas ou colectivos interesados **no proxecto colaborativo dun matadoiro móbil de aves e coellos**

## Reflexións e propostas

1. Constituir unha rede para apoio mútuo, desde diferentes ámbitos, a

A xornada tiña como obxecto facer unha reflexión acerca das limitacións que teñen as pequenas explotacións de produción artesanal de aves e coellos

- onde técnicos das Consellerías de Medio Rural, da Consellería de Saneidade e da Axencia de Salut Pública de Catalunya puxeron enriba da mesa o marco legal actual

Ao longo da tarde realizouse un traballo entre todas as persoas asistentes cos seguintes obxetivos:

- coñecernos

este tipo de proxectos piloto e colaborativos. “Estamos para colaborar e construír, para atopar solucións a problemas reais”

2. Apostar polas múltiples potencialidades do noso territorio: “Temos que apoiar estas iniciativas e non deixalas arrefriar.”



3. Dar a coñecer as canles para levar a cabo, asesorar e financiar este tipo de proxectos.
4. A autoxestión colaborativa destes espazos é fundamental “O traballo asociativo da moito que facer pero hai que facelo”
5. Os concellos cumpren funcións fundamentais: “Corresponde a este primeiro chanzo da administración facer o papel de “facilitador” entre o produtor e a administración competente.”
6. ”Hai que agrupar, homoxeneizar de algún xeito a produción. É moito mais doado a negociación, a relación, con un interlocutor que con varios”
7. Coñecer e valorar as adaptacións á normativa que garante a saúde para o consumo: ”Hai normativa, que adaptada e con garantías, permite o funcionamento”
8. Facer un estudo serio de potenciais consumidores, de canles de comercialización.
9. Estudiar o novo marco normativo que se abre co Real Decreto en preparación ”A normativa de garantía da calidade alimentaria, que está para saír, pode abrir moitas oportunidades.”
10. É necesario, pode ser posible: ”Hai que buscar o encaixe, temos que aplicar o principio de flexibilidade na aplicación das normas.”
11. “Existe un marco normativo a cumprir pero pódese dialogar”
12. Hai que asociarse sen perder a participación : “É mais doado para a administración tratar con un interlocutor que con 700”
13. O interese deste proxecto é que xorde de abaixo, da produción. “Os grupos de consumo responsable e as persoas consumidoras a título individual demandamos cada vez mais este tipo de produto, buscamos a sostibilidade das explotacións, o coidado ambiental e a saúde..”
14. ”Os comedores colectivos, públicos e privados, nomeadamente comedores escolares, estamos cada vez mais convencidos de que este é o tipo de produtos que queremos que haxa na mesa dos nosos fillos e

fillas. Sabemos que a xente que nos fornece de froitas e verduras quere ofrecernos carne de ave e coello e queremos poñelas tamén nos nosos menús.”

15. “As persoas que nos adicamos á restauración escoitamos aos nosos clientes pedírnos información sobre os produtos que servimos, quen saber mais sobre a procedencia do que comen. Por outra banda recibimos nos nosos locais produtos moi, moi bos, pero non podemos servilos porque non teñen garantía legal sanitaria”
16. É moi importante arrouparse: ”Xornadas coma estas son importantes porque ás veces as produtoras poñémonos trabas a nós mesmas e saber que outras puideron animarse a seguir para adiante”
17. O efecto contaxio é necesario e hai que empezar por algún lado.
18. A situación de ilegalidade e inseguridade das pequenas producións ten que solventarse para fixar poboación no rural.
19. Hai ilusión e ganas, hai que coordinarse para pasar das ganas aos feitos: “O mais importante é que os políticos se impliquen, crean en nós, no que facemos porque o facemos ben. Se queren un rural vivo teñen que axudarnos a quedar nel.”



20. Temos un potencial e unha diversidade enorme para xenerar economía sostible no rural galego, hai que aproveitalo e facer que chegue ás mesas.
21. Os saberes e a cultura propia son outra das nosas fortalezas: “Hai razas en perigo de extinción , xeitos tradicionais de criar e alimentar, cultivar , transformar... ”
22. O benestar animal é importante.
23. Hai que valorar a viabilidade económica: “Os espazos de traballo comunitarios son moitas veces a solución xa que un só non pode facer fronte a tantos gastos”
24. Este proxecto tén sentido se se enfoca para a venda directa: “A venda directa permite ver rapidamente se a produción obtén a satisfacción da persoa compradora, e como pode mellorar, se hai que mellorar.”
25. As persoas que teñen pequenas producións non teñen porque querer ser grandes; poden sendo pequenos ofertar grandes produtos.

#### PARA CONTACTAR

Canquera persoa interesada pode contactar co equipo promotor desta iniciativa neste correo electrónico: [arrexo4@gmail.com](mailto:arrexo4@gmail.com)



# Ás furtadelas Sen a lingua, non hai estrutura de país<sup>1</sup>



Manuel Cabada, acompañado de Bieito Ledo (editor) e Benito Santos presentou o seu último libro *Galicia, raíces e compromiso*

O filósofo e teólogo Manuel Cabada Castro, oriúndo de Sabucedo, A Estrada, exerceu durante corenta anos como profesor de Metafísica e Antropoloxía filosófica nas universidades Pontifica de Comiñas e Complutense de Madrid, respectivamente. Ao longo destes anos de actuación académica, o seu centro de interese foi desprazándose progresivamente da Metafísica aos estudos históricos, antropolóxicos e culturais sobre Galicia, e especialmente sobre a lingua galega.

Froito deste interese sincero, xorde este «estudo sintético sobre Galicia», que en palabras do propio autor, apóiase en estudos concretos e datos analíticos que mostran Galicia na súa dimensión de país, despois de que sexa un territorio posuidor dos tres puntais que determinan iso que veu en chamarse un Nación: **unha cultura** –no sentido antropolóxico de maneira particular e específica de pensar e de entender o mundo–, **un país** –no sentido dunha particularidade política e unha organización social concreta– e **unha lingua** –como elemen-

to vehicular e vertebrador sen o que non existiría ningún soporte para as estruturas de país.

Manuel Cabada interpélase sobre as causas polas que, aínda existindo os tres eixos nacionais, Galicia non acaba de materializarse nun país para todos os efectos. Así mesmo, mostra a súa preocupación pola pervivencia da lingua galega e sinala o risco de que esta desapareza como consecuencia da interrupción da súa transmisión nas familias. «**Se falla a transmisión familiar, a lingua desaparecerá coa desaparición dos nosos maiores**» –dinos o profesor Cabada–. Todo isto lévalle a reflexionar sobre que papel veu desempeñando historicamente a escola na transmisión da lingua e ata que punto puidese, voluntaria ou involuntaria, continuar transmitindo antigos estereotipos que historicamente vincularon a lingua galega co mundo rural, en contraposición coa lingua castelá, que se relacionou máis cos usos urbanos.

*A realidade actual dá noxo, pero non podemos fuxir d-ela por escrupos inúteis, pois para modelar un pobo de barro é forzoso luxar as mans. De tal xeito se impón unha política de realidades, que os mesmos defectos deben ser cultivados para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, sentir as angurias da súa resiñación, infundir-lle conciencia da súa personalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar. Primeiro ser, despois trunfar. Porque aquel que non teña fé absoluta nas virtudes, en potencia, do noso pobo, non ten dereito a galvanizalo con promesas electoreiras e transitorias.*

*Nós temos fé no noso pobo e moi logo o noso pobo terá fé en nós.*

Sempre en Galiza. Castelao.



Hai unha frase que di que *un pobo que esquece a súa historia está condenado a repetila*. Por iso creo que é importante lembrar o texto co que comezo este artigo e tamén o contexto no que foi escrito. Escribiuno Castelao en 1935 en Badaxoz, onde fora desterrado. A distintos episodios revolucionarios e á proclamación do Estado catalán en outubro de 1934, sucedeu a reacción represiva e violenta do Goberno español, dando paso ao que se chamou o *bienio negro*. A consecuencia foi o descabezamento do Partido Galeguista, a clausura das súas sedes, a suspensión de *A Nosa Terra* e o desterro de Castelao. Os paralelismos coa situación actual son evidentes.

Igual que en 1935, a realidade actual dá noxo. Galiza vive unha situación de emerxencia nacional. Nas últimas décadas moitos dos nosos sectores estratéxicos entraron en crise, ata o punto de correremos o risco de ficar sen base económica propia; acentuouse o devalo da nosa lingua e cultura; agudizouse a destrución do noso territorio; unha boa parte da mocidade tivo que emigrar agravando o noso devalo demográfico e o avellentamento da poboación. A consecuencia é que a propia supervivencia de Galiza como país está ameazada.

Pero ademais, a esta situación únese a corrupción, a degradación da democracia e a anulación do autogoberno. Todos aqueles que se senten demócratas e progresistas farían ben

### Plataforma social en defensa dos dereitos nacionais de Galiza

en lembrar que no Estado español o centralismo foi sempre da man do recorte de dereitos e do medre da inxustiza social.

Para contribuír a mudar esta situación dende a sociedade vén de se constituír Vía Galega. Unha plataforma social en defensa dos dereitos nacionais de Galiza á que xa se adheriron ducias de entidades cívicas e organizacións sociais de todo o país.

Vía Galega non nace coa vocación de acompañar, substituír ou competir con ningún partido senón que a súa vocación é impulsar ámbitos de encontro e colaboración en defensa do dereito de Galiza como nazón a decidir libremente o seu futuro. É unha iniciativa cívica, plural, aberta e participativa, porque a defensa de Galiza require nestes tempos dun amplo movemento social que vaia alén das lexítimas opcións partidarias.

Volvendo a Castelao, para triunfar, primeiro hai que ser; temos que afirmarnos como pobo e para modelar un pobo hai que fundirse con el e luxar as mans para infundir-lle conciencia da súa personalidade e capacidade.

Dicía tamén Castelao: *Non lle poñades chatas á obra namentres non se remata. O que pense que vai mal que traballe nela. Hai sitio para todos*. Ese é o espírito que alumea **Vía Galega**.

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Presidente da Fundación Galiza Sempre  
Membro da Coordinadora de Vía Galega

# Entrevista Conversa con Roberto Samartín

José Antonio Martínez



*Roberto Samartín é doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña. Vén de publicar o libro **Mudanza política e sistemas culturais em transiçom na editorial Latiovento. Aproveitamos a súa publicación, para conversamos sobre literatura, cultura e política. É desexo do autor que as respostas vaian na mormativa da obra.***

**Na túa obra propónse a idea de que o que coñecemos como cultura galega actual foi configurada no teu período de análise, en que sentido?**

Da análise desprende-se que na Galiza de 1974 a 1978 há elementos políticos e culturais que indicam isso mesmo, sim. Em muita síntese, no político a janela de oportunidade aberta pola morte do ditador em 1975 encerra com a Constitución española de 1978, e fai-no no sentido da reforma e não da ruptura democrática

estritamente cultural, por seu lado, a rede institucional e normativa conformada nesta altura senta as bases da estrutura atual; e aqui destacaria a consolidação da língua galega como o material imprescindível para identificar a prática totalidade dos campos culturais analisados (por outras palavras, a literatura galega é agora aquela escrita unicamente em galego). A isto poderíamos acrescentar ainda que as estratégias de ação de grupos como Galaxia e a UPG na altura con-

○ sistema cultural galego têm um grau de autonomia baixo em relação com o poder político

ca com o franquismo, instaurando um regime autonómico caracterizado polo reconhecemento de um único sujeito político soberano (o “povo espanhol”) que cede graus variáveis de autonomia a comunidades como a galega (aqui mesmo antes da aprovação do próprio texto constitucional). Esse mesmo quadro político-institucional determina também o posterior funcionamento da cultura, fixando a atual cooficialidade subalterna para a língua galega ou a sua presença no ensino, por exemplo. No

duzem para a relativa centralidade verificável ainda na atualidade, o primeiro no espaço mais oficializado da cultura autonómica e o segundo no pólo da resistência nacionalista, ou que os termos dos futuros debates sobre o estándar ou sobre o discurso literário galego estão já colocados neste período.

**Literatura, cultura e política conforman os eixos do teu traballo, nunha simbiose nova e escasa. Em que medida interactúan entre eles?**

Isso explica-se porque no livro aplicamos abordagens sistémicas e sociológicas, que colocam o foco nas relações entre os campos culturais e os campos do poder. Neste caso concreto, analisamos os programas e estratégias dos principais grupos que atuam no sistema cultural galego nesse período e verificamos que eles não têm presença apenas no campo literário, mas também agem noutros campos sociais (política, ensino, literatura, teatro, música, cinema, associacionismo, ...). O trabalho faz um estudo relacional dos discursos e das ações destes agentes em todos esses campos, agrupando-os em função do impacto que neles tem a mudança política nos pólos da oficialidade, a resiliência e a resistência. Ao lado deste estudo das relações internas (e da estrutura do sistema e da sua organização e distribuição geo-espacial), o livro também aborda as relações que estes grupos estabelecem com os outros sistemas ibéricos.

**Introduces a palavra conflito num contexto, o cultural, que sempre trasladou a ideia de “estarmos todas traballando polo ben do País”?**

Essa ideia deriva-se do estudo da bibliografia analisada no terceiro capítulo do livro, sim. Simplificando muito, por um lado, a historiografia literária agrupa em gerações indivíduos e a produção em géneros canónicos para estudar nela temas e estilos; por outro lado, o carácter nacionalitário é inseparável desde o século XIX da própria etiqueta de “história da literatura” (galega, espanhola, ou chinesa, tanto faz). Ora, um método empírico e relacional como o aplicado na tese de doutoramento que está na origem deste livro acaba por verificar que nem toda a gente se relaciona igual com a tradição, ou até que fronte a agentes que entendem que a literatura galega tem de estar escrita em galego e atualizar os eixos nacional e social há outros que defendem que

a cultura galega pode ser veiculada tanto em galego como em castelhano se, neste último caso, atualiza elementos identitários de vários tipos, como o celtismo, o lirismo, a saudade etc.

**En que medida as propostas que saíron triunfantes dese conflito axudaron ou non ao progreso do País? Desde a perspectiva que dá o tempo pasado, como sociedade, escollemos o camiño certo?**

Neste sentido, aponto telegraficamente apenas três ideias inter-relacionadas, que acho o livro pode contribuir para explicar e desenvolver: para os grupos que ocupam as estruturas políticas do novo regime a defesa, o reforço e a continuidade da identidade diferenciada da comunidade galega não é um objetivo central (outros casos no Estado podem servir de comparação...). Os agentes que operam no sistema cultural galego têm um grau de autonomia relativamente baixo em relação com o pod-

er político e não costumam arriscar a posição, isto acontece quer atuem no pólo mais oficializado da cultura autonómica, quer estejam referenciados no espaço ligado ao nacionalismo (com incidência também em concelhos ou deputações). Os materiais e os modelos com que estes grupos estão a configurar a identidade galega são relativamente dependentes e facilmente integráveis na cultura espanhola, e a posição atribuída à língua e a natureza do seu estándar servem de exemplo; abruptamente e parafraseando o clássico: se ainda somos galegos é por obra e graça dum idioma interferido e minguante.

Ao lado destes agentes, há também aqueles que acreditam na Galiza como sujeito político soberano, na autonomia dos campos culturais ou na utilidade da unidade linguística galego-portuguesa, mas por enquanto agem ainda na periferia.



Se ainda somos galegos é por obra e graça dum idioma interferido e minguante

# O noso taboleiro VIVIMOS NO RURAL

## ENCONTRO 26 e 27 de MAIO 2018 EN TRONCEDA - Castro Caldelas OUTRAS REALIDADES

### SÁBADO

- 11.00 h- Encontro no Castelo de Castro Caldelas
- 11.15 h- Benvinda da alcaldesa. A seguir, 6 presentacións de proxectos vivenciais: apostas polo rural, novos poboadores, aposta local, preguntas e debate. Relatoras: Ana, Lydía, Gloria, Fran, Darija, Cándido.
- 11.45h- Peche da mañá a cargo de Ramiro Martínez, do grupo coordinador de "Vivimos no rural".
- 14.30 h- Comida no Couto, menú.  
-Durante o café contarannos o proxecto Asociación de Desenvolvemento Rural. D.R. Montederramo e Castro Caldelas.
- 17.00 h- Visita a gandeiros da zona. Proxecto de cabras, gandería ecolóxica e gandería familiar. Visita ás instalacións que xestiona a ADR.
- 21.00 h- Cea no Tronceda de picar e con alimentos aportados polos/as participantes e mini festa con Danza de Darija Czibulkoba, danza do lume, de Violeta Torres Ruiz, cata de cervexas de produción local e algunha cousiña máis.

### MAÑÁ do DOMINGO

- 10.00 h- Almorzo
- 11.00 h- No lar das verbas, 3 presentacións vivenciais: Violeta, Ricardo e Jose.
- Debate aberto sobre as múltiples realidades do mundo rural vivo.
- 12.30 h- Breve excursión a pé pola zona.
- 14.00 h- Comida no Couto, menú e cada moucho ao seu souto.



### INSCRIPCIÓN

Nome e apelidos:

DNI:

Teléfono:

Enderezo:

Pertences a algunha entidade? Cal?:

(Marcar cun x as opcións escollidas polo/a participante)

- Comida día 26 de maio (custo 12 €).
- Comida día 27 de maio (custo 12 €).
- Aloxamento noite en Tronceda (custo 10€, inclúe sabas, toallas ,auga quente e almorzo).
- Cea día 26 maio, será cos alimentos aportados polos participantes.

**Data límite de inscrición: venres 18 de maio de 2018.**

**Modo de inscrición (enviar a presente folia):**

[vivimosnorural@gmail.com](mailto:vivimosnorural@gmail.com)

[cofrelaso@telefonica.net](mailto:cofrelaso@telefonica.net)

**Teléfono información:**

**650.41 68 60.**

**\*O custo das comidas e do aloxamento será aboadado no mesmo día en efectivo.**



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRIPCIÓNS:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscripcions@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcions@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

# Boa Nova



## Que vos amedes uns a outr@s...

O capítulo 15 de Xoán é todo un deseño do que debe ser o discipulado tal como o mestre o soñou. Neste texto céntrase en definir a conduta que ha de caracterizar a homes e mulleres que queren seguir a Xesús. A gran palabra que preside toda esta parte do discurso do mestre é “amor”. O amor é o que fai que os/as que teñen fe sexan de verdade crentes e poidan formar parte da comunidade do Reino. Porque este amor vai máis aló do sentimento, é unha maneira de actuar que nace dunha forma de crer en Deus.

Xesús expón en primeiro lugar que o referente de actuación é a relación que el ten con Deus. Non especifica como é esa relación, pero non fai falla, pois toda a súa vida expresa esa relación (Xn 15, 9-11). En segundo lugar, presenta cal é o signo que vai permitirlle os seus amigos e amigas discernir a calidade do seu amor, e este é a entrega. Unha entrega que non nace do esforzo ascético, nin do deber relixioso, senón do encontro cun Deus que é amor e gratuidade. So desde a certeza profunda de que Deus é así, é posible construír a comunidade e vivir a fe (Xn 15, 12-15).

Por último, o mestre recorda que o discipulado non se herda, nin se adquire por méritos, é un encontro libre, no que Xesús toma a iniciativa. Un encontro que abre a nosa vida a novidade que nace da esperanza e do compromiso (Xn 15, 16-17).

A comunidade de Xoán que tivo moitas dificultades para sobrevivir nos primeiros tempos, mostra, no seu recordo destas palabras de Xesús durante a derradeira cea, que tiña claro que a súa fidelidade o proxecto do Reino pasaba por vivir dende un amor entregado como o do mestre.

Carme Soto

## ECO

Como dicía Santo Agostiño: “ama e fai o que queiras”. Non hai necesidade de mandamentos, nin de ninguén que diga o que hai que facer. Todos temos conciencia, que nos di o que está ben. E, como di José M.º Castillo, a pouco que se pense nos feitos dos evanxeos, pronto dáse un conta de que se refiren, case sempre, a dous grandes temas: a saúde (curacións de enfermos) e a alimentación (comidas compartidas, banquetes, etc.). E, polo que se refire aos discursos, dun xeito ou doutro, sempre viran en torno ás relacións humanas (honradez, bondade, perdón, misericordia, amor ...).

Todo isto mestúrase con situacións de conflito cos “homes da relixión”. Ata tal extremo, que os dirixentes da relixión viron que tiñan que matar a Xesús. Viron que “o de Xesús” e “o deles” eran proxectos incompatibles. Pois eles centraban os seus intereses no sometimento ás normas e ritos sagrados e Xesús centrou as súas preocupacións en tres cuestións fundamentais para as persoas: saúde, alimentación compartida e relacións humanas que nos unen e nos fan mellores. E niso céntrase o Evanxeo.

Olga Álvarez

## A CLAVE

## DOMINGO 6 de maio. VI de Pascua A PALABRA Xn 15, 9-17

Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos: «Coma me amou o Pai, así vos ameí eu: permanecedes no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, coma eu gardei os mandamentos de meu Pai, e permanezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena. Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos ameí. Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando. Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer. Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ao Pai no meu nome, volo conceda. Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.»

## A PALABRA

# Falando da lingua Coa cabeza a ferver...

Lidia e Valentina



Quen con lobos anda, a ouvear aprende...

Entre pau e pau folgan as costas... Desta volta préstanos ben este dito, que os portugueses din “Enquanto o pau vai e vem, folgam as costas...” Que ben acaecido é tamén na lingua irmá. Évos así desta volta: hoxe non está o alcacén para gaitas, tampouco o forno para bolos... Hoxe non levamos dúas a cabalo... Haivos días así... Di a compañeira Juana “Andar con burros e non ter un pau na man...” Será esa a causa... Si, hai xente á que lle hai que afalar para

que se mova... É estrondosa a expresión, pero redonda... Desde que lla oímos, sóbrannos ocasións para botar man dela...

Calmémonos, acouguemos, apouvi-guémonos, serenémonos..., que, total, é o que hai... A árbore que nace torta, tarde ou nunca endereita... E burra vella non aprende andadura, e se a aprende, pouco lle dura...

Ai, hoxe parece que encarreiramos o refraneiro... E non estaba previsto... A ver se nos dámos distraído... Pois

mirade por onde, no primeiro párrafo saíu iso de “afalar”. Non nos enganamos, non, aínda que parece que estamos algo levadas do demo, non nos despistamos: é correcto dicir “falar” e “afalar”, ese “a” protético, que vai soldado ao principio da palabra, simplemente fai dela un sinónimo de “falar”, cun significado máis restrinxido, pero sinónimo. “Afalar” emprégase, sobre todo, para “animar a un animal para que se mova”, incluso aguillándoo ou aguilloándoo, isto é cunha vara que ten un aguillón, un cravo ou unha punta nun extremo, pero tamén se emprega para as persoas, sempre coa idea de estimulalas; agora ben, tamén hai quen o usa coa idea de “afalar para tranquilizar”, e así está recollido tamén no Dicionario da Real Academia Galega: “Afálame para que non teña medo”.

Nós tamén xa nos tranquilizamos unha miguiña, xa acougamos un chisquiño... O que veña detrás, que sache...

O papel ten conta do que lle poñen...

## O Fachineiro do diñeiro

### A alma da caixa B

A estas alturas da emisión non é moi arriscado dicir que boa parte do lectorado desta columna forma parte da audiencia da serie Fariña. E aínda que así non fose, tampouco é moito revelar que os narcos utilizaron as contas bancarias de xente do común allea á organización a xeito de homes e mulleres de palla (coa complicidade do banco, claro) dividindo as obscenas cantidades de cartos en sumas máis discretas. Pois por iso mesmo é polo que están imputados directivos e empregados de Caixa-bank, pero neste caso non para favoreceren a ningún arousán, senón para poñerse ao servizo da mafia chinesa. O xeito de lavar o diñeiro era



o mesmo: fraccionar facturas, poñer empresas pantalla e listo. E coa banca on line ata seica aforran os homes de palla. E así lavaron un Cristiano Ronaldo, ou medio Neymar, é dicir 100 millóns de euros, que o xuíz Moreno presuma polo momento. Xa veremos en que acaba o asunto, pero a este fachineiro veulle a

cabeza o lema co que se anuncia este banco para crear a súa imaxe de marca “el alma de la Caixa”. E lembremos que esta foi unha das patrióticas empresas que sacaron a súa sede de Cataluña para agrado de Rajoy e para que nada os vencellase co independentismo. Moito mellor a mafia chinesa. Onde vai parar.

A.Q.